



Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2020

DE: MEDICINA PREVENTIVA – PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS

A: ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA

Asunto: NORMAS XERAIS DE HIXIENE NOS CENTROS SANITARIOS

Ante a situación actual de Alerta Sanitaria COVID-19 e coma normas de hixiene xeral para traballadores da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, establécense as seguintes recomendacións:

1.- Agás naquelas actuacións con pacientes con sospetia ou confirmación de COVID-19 ou patoloxía de tipo respiratorio, **non é necesario** o uso xeral de mascarillas.

2.- **Non se recomenda o emprego de mascarillas nos desprazamentos internos dos centros sanitarios, agás nás situacións indicadas de manexo de doentes con sospetia ou confirmación de COVID-19.**

3.- Non é precisa a desinfección do calzado persoal que traíamos das nosas casas, nin tampouco o da uniformidade.

A protección respiratoria en xeral recoméndase aos doentes que presenten clínica ou sintomatoloxía respiratoria de calquera natureza, de posible orixe infecciosa, por mor de evitar a transmisión por gotas ó resto dos doentes e profesionais.

Reiteramos a importancia de realizar unha correcta hixiene de mans, ben con auga e xabón ou ben con solucións hidroalcohólicas, e insistimos na importancia do uso correcto de guantes.

Recordamos en relación a este último punto que o seu uso xeneralizado fora do que é a atención estrita aos pacientes pode resultar contraproducente e que o uso de guantes non substitúe a hixiene de mans.

Eloína Núñez Masid

Xerente Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

M.^ª Teresa Queiro Verdes

Xefa Servizo de Medicina Preventiva

**Área Sanitaria de Santiago de Compostela
e Barbanza**

Tel. 981 950 000

Travesía Choupana, s/n

15706 - Santiago de Compostela

C.I.F.: Q1500259E